



## Centro de Maires

\* A partir do día 5 de outubro comezaremos coas actividades no Centro, serán as seguintes:

HORARIO DE ACTIVIDADES DE OUTUBRO A MAIO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
11:00 12:00	Ximnasia	Cultura Xeral: escritura e cálculo	Ximnasia	Memoria	Ximnasia
12:00 12:15	CAFÉ				
12:15 13:00	Cultura xeral: lectura, linguaxe...	Outros Xogos e mesa	Manualidades	Bingo	Actividade complementaria (cociña, novas tecnoloxías...)

Venres día 6 de novembro, celebraremos o magosto no centro.

Lembramos que o Centro ofrece outros servizos complementarios como é o café, pero este ano tamén poñemos en marcha o servizo de préstamo de libros a través da biblioteca, o préstamo de xogos de mesa e tamén o comedor para maiores, no cal calquera persoa que queira, asista ou non o centro, pode levar preparado o xantar para a súa casa a un prezo moi reducido de 4,5€ (1º prato+2º prato+postre).

Comunicamos que os venres día 9 e día 31 de outubro o centro estará pechado, así como o luns 12 de outubro (día do Pilar) e luns 2 de novembro (cambio no festivo do día de Todos os Santos que este ano cae a domingo)

## Actividades

\* **Sábado 17 de outubro na Casa da Cultura ás 17:00 (para todos os públicos)**

- Maxia cómica: Maxia cómica en relación cos libros e contando unha historia.

\* **Xerontoximnasia no Centro de Maires e na Residencia Municipal**

A xerontoximnasia no Centro de Maires realízase todos os luns, mércores e venres en horario de 11:00 a 11:45, comenzando as clases o luns 5 de outubro.

Na Residencia Municipal realízase xerontoximnasia todos os días de luns a venres en horario de 12:00 a 12:30.

\* **Ximnasia polas parroquias**

Poden participar nesta actividade todos os veciños que teñan 16 anos cumpridos ou máis e estén en posesión do carné de socio do concello.

A actividade comeza o luns 5 de outubro e os días e horarios nas distintas parroquias é o seguinte:

- Luns e Mércores de 18:15 a 19:00 no Local de Brates.
- Luns e Mércores de 19:15 a 20:00 no Local de Os Ánxeles.
- Luns e Mércores de 20:15 a 21:00 no Local de Rodieiros.
- Martes e Xoves de 19:15 a 20:00 no Local de Arceo.
- Martes e Xoves de 20:15 a 21:00 no Pavillón de Boimorto.

\* **Programa Termal no Balneario Compostela de Brión**

Todos os mércores do mes de outubro e tamén os dous primeiros de novembro, sairá o autocar municipal ás 15:00 horas dende o Centro de Maires para pasar unha xornada de balneoterapia no Hotel Balneario de Brión. A hora de regreso a Boimorto é as 19:15.

Os interesados deberán apuntarse previamente chamando ó concello no número de 981 51 60 20. O número máximo de usuarios por día é de 25.

## Punto de Atención á Infancia

\* **Servizo de Bebeteca:** Trátase dun lugar especial de ambiente cálido, de estimulación, de xogo e de imaxinación para os nenos e nenas de 0 a 3 anos e os seus proxenitores ou cuidadores, donde se realizarán actividades nas que os adultos participarán dun xeito activo.

- ❖ **Horario:** de 16:30 h. a 18:30 h. , os Martes e Xoves de cada semana.
- ❖ **Lugar:** Levarase a cabo na Gardería do Concello (Planta primeira da Casa da Cultura.)
- ❖ **Prezo:** Gratuíto
- ❖ **Inscricións:** Antes do 15 de outubro, debendo haber alomenos 10 inscritos. Para inscribirse e máis información poden dirixirse á Gardería do concello (en horario de 10:00 a 13:00).

## Programa Clara

\* O pasado día 16 fíxose entrega dos diplomas ás 24 mulleres que están a participar no Programa Clara. A entrega tivo lugar no Salón de plenos do concello e estivo a cargo do Alcalde Presidente D. Gonzalo Concheiro Coello e a Tenente alcalde Dna. M<sup>a</sup> Jesús Novo Gómez. Durante o acto destacou a aposta que desde o concello se fai para formación e profesionalización das súas veciñas, así como, o bo traballo e implicación das mulleres que están a participar no mesmo. O Programa Clara de Boimorto é un dos dezasete que se están a desenvolver en toda España en colaboración co Instituto da muller e con financiación europea. Dentro das actividades que se desenvolveron ao longo deste ano están: un curso de Desenvolvemento persoal de 110 horas e un de Ferramentas para a busca de emprego de 60 horas. Tamén se realizaron actividades de formación como un curso para a preparación do exame das Competencias Clave e da proba libre da ESA, así como, 4 monográficos de atención sociosanitaria que tiveron lugar durante o mes de abril. O programa continuará as súas actividades ata o mes de novembro con 3 cursos máis: Certificado de profesionalidade en Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais de 450 h.

Iniciación á informática de 30 h.

Curso de primeiros auxilios de 40 h.



\* Cursos do programa Clara:

Ao longo do mes de outubro e novembro realizaranse os seguintes cursos gratuítos: \* Iniciación á informática de 30 h. luns, mércores e xoves en horario de 10 a 13 h. \* Curso de Primeiros auxilios de 40 h. sábados de 9 a 14h. e 16 a 21 h. Podédesvos apuntar ata cubrir prazas no propio concello.

## Emprego

\* **AXUDAS PARA A MATRÍCULA NUN MÁSTER UNIVERSITARIO OFICIAL.** Convocatoria de axudas para a matrícula nun máster universitario oficial, destinadas a titulad@s universitari@s en situación de desemprego, para o curso 2015/2016. Prazo de presentación de solicitudes: 16 de Outubro do 2015

### \* CURSO PRIMEIROS AUXILIOS

**Destinatarios:** persoas traballadoras ou desempregadas do sector Agro Gandeiro e Forestal.

**Lugar:** Boimorto

**Duración:** 8 horas

**Número de prazas:** 15-25 prazas

**Datas e horario:** 19 e 20 de Novembro. De 16:00 a 20:00 horas. Inscribirse no Concello de Boimorto.

\*O Servizo de orientación laboral da Agrupación dos concellos de Boimorto, Arzúa e

Santiso, sendo o concello de cabeceira Boimorto, segue realizando a súa labor no período 2015-2016, grazas á subvención da Consellería de Traballo e Benestar concedida.

A orientadora laboral presta servizo aos demandantes de emprego remitidos desde o Servizo Público de Emprego de Galicia e a aquelas persoas que o soliciten. Para recibir orientación pódese solicitar na oficina de emprego correspondente, poñerse en contacto directamente coa

orientadora chamando ao 981516020 e preguntando por Cristina ou a través do correo electrónico [cristina.tato@boimorto.es](mailto:cristina.tato@boimorto.es).



## **Programa de Actividas Extraescolares Deportivas e Culturais do Concello e da ANPA**

### **Actividades Deportivas**

\* **Xogos Psicomotores:** xogos para adquisición das habilidades motrices básicas que implican coordinación, equilibrio, saltos, lanzamentos, xiros, golpesos,...

Idade: nenos da etapa de educación infantil.

Horario: martes e venres de 14:00 a 14:45.

Lugar: pavillón de Boimorto.

Prezo: a cota será de 10€uros mensuais. Exención da cota co carné de socio.

\* **Bádminton:** iniciación e mellora neste deporte mediante exercicios técnicos, tácticos e físicos. Haberá participación na Competición Deportiva en Idade escolar, sendo os partidos venres pola tarde ou sábados.

Idade: nenos das etapas de educación primaria e secundaria.

Horarios: luns de 16:45 a 17:45 e venres de 15:45 a 16:45.

Lugar: pavillón de Boimorto

Prezo: a cota será de 10€uros mensuais. Exención da cota co carné de socio.

\* **Fútbol Sala:** iniciación e mellora neste deporte mediante exercicios técnicos, tácticos e físicos. Haberá participación na Competición Deportiva en Idade escolar e na Liga Intermunicipal, sendo os partidos venres pola tarde ou sábados.

Idade: nenos das etapas de educación primaria e secundaria.

Horarios: luns de 15:45 a 16:45 e xoves de 17:00 a 18:00.

Lugar: pavillón de Boimorto

Prezo: a cota será de 10€uros mensuais. Exención da cota co carné de socio.

\* **Patinaxe:** xogos e exercicios destinados a favorecer o equilibrio sobre os patíns e traballando figuras acrobáticas de cara a crear unha coreografía e participar en galas.

Idade: nenos das etapas de educación primaria e secundaria.

Horarios: martes os de 1º ata 4º de primaria e xoves os de 5º e 6º de primaria e os de secundaria, de 15:45 a 16:45.

Lugar: pavillón de Boimorto

Prezo: a cota será de 10€uros mensuais. Exención da cota co carné de socio.

\* **Multideporte:** iniciación divertida a varios deportes: baloncesto, atletismo, voleibol, béisbol, lacrosse, hockei, deportes de raqueta.

Idade: nenos de educación primaria.

Horario: martes de 17:00 a 18:00.

Lugar: pavillón de Boimorto

Prezo: a cota será de 10€uros mensuais. Exención da cota co carné de socio.

\* **Tiro con Arco:** iniciación neste deporte, podendo participar en ligas e campeonatos de sala como de exterior. As clases ou adestramentos serán dirixidas por un Adestrador Nacional titulado.

Idade: a partir de nenos de 3º de primaria ata adultos.

Horario: venres de 19:00 a 21:00 horas.

Lugar: pavillón de Boimorto

Prezo: a cota será de 10€uros mensuais a pagarlle directamente ó adestrador.

### **Actividades Culturais**

\* **Teatro:** traballarase a expresión corporal, a improvisación, a danza, a voz, creando historias de personaxes e textos. Faranse grupos atendendo á idade.

\* **Informática:** os contidos van a depender dos grupos e do nivel dos participantes.

\* **Inglés:** a finalidade do curso é aprender inglés de forma amena e práctica, e que despois poidan utilizar o aprendido para mellorar as súas cualificacións escolares. Farase grupos por idades.

### **IMPORTANTE:**

- As actividades comezan a semana do luns 5 de outubro.
- As actividades culturais son os martes e xoves, e teñen un prezo cada unha de 10€uros mensuais socios da ANPA e 15€uros os non socios. Os interesados deberán aboar a cuota dun trimestre.
- As actividades deportivas son gratuítas para aqueles que estean en posesión do carné de socio, agás no caso da actividade de Tiro con Arco, que ten tamén un prezo de 10€uros mensuais.
- Os rapaces que participen nas actividades deportivas e culturais dos martes e xoves, terán servizo de transporte para o regreso ás súas casas dentro dos límites do concello. A hora de saída do autocar do colexio será ás 18:05 horas. O número máximo de nen@s que poderán viaxar no autocar é de 25.
- Establécese un prazo de recollida de inscrición de 3 días: martes 29 e mércores 30 de setembro e o xoves 1 de outubro. As follas de inscrición entregaranse na conserxería do colexio ó conserxe Diego.

## **IX Carreira e Canicross Popular de Boimorto**

\* O sábado 26 tivo lugar outra nova edición deste evento, no que participaron máis de 300 corredores distribuídos en varias carreiras en función das súas idades.

Ás 18:00 horas foi a primeira, na que corrían os adultos unha distancia de 6.330 mts distribuída en dúas voltas, posteriormente ás 18:45 deuse a saída ós corredores infantís e cadetes, percorrendo 3.175 mts. Os benxamíns e alevíns fixeron a súa carreira ás 19:15, completando 1.000 mts. Os Prebenxamíns comezaron ás 19:30 realizando 500 mts. E os Chupetes ou Pitufos, comezaron a súa carreira ás 19:45 correndo 200 mts. Cerrou a xornada a carreira de Canicross ás 20:00.

**Dende o equipo de goberno queremos agradecer aos corredores a súa participación nesta IX Carreira, así como, 456e a todas aquelas persoas que a fixeron posible: voluntarios, propietarios de parcelas, patrocinadores,...**